

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I02LW</b>	<b>USG/2022/135</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6Y3U 5F2F 6Y4F 2M5E 0INR	

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE CULLEREDO DO DÍA 09 DE AGOSTO DE 2022.**

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

A alcaldesa en funcións: María Guadalupe Pombo Carril

**Concelleiros/as:**

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.ª Jéssica Méndez Sánchez

**Non asistentes:**

D. José Ramón Rioboo Castro  
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

**Interventora municipal:**

D.ª Sonia Corral Corral

**Secretaria municipal:**

D.ª Ana Ramos Ramos

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e dous minutos do día nove de agosto de dous mil vinte e dous, xúntanse en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, as persoas membro designadas pola Alcaldía-Presidencia para integrar a Xunta de Goberno Local, relacionadas na marxe, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa en funcións Dona María Guadalupe Pombo Carril.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, abre a sesión, pasándose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.- PROPOSTA SOBRE RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DÍA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Na sesión plenaria extraordinaria de data 2 de xullo de 2019 acordouse a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local que se realizarán os luns ás 13.30 horas e, no suposto de que o día prefixado coincida con festivo, celebrárase sesión, co mesmo carácter de ordinaria, o día hábil inmediatamente anterior á mesma hora.

Por mor da organización das vacacións estivais dos distintos departamentos e áreas, a Alcaldía vese na obriga de modificar os días e horas dos órganos colexiados,

Por todo o exposto anteriormente, PROPONSE:

A ratificación do cambio de día da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de agosto de 2022 que pasará a realizarse o día 9 de agosto de 2022 debido ao exposto anteriormente.”

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I02LW</b>	<b>USG/2022/135</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
<b>6Y3U 5F2F 6Y4F 2M5E 0INR</b>	

Sen intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando ADOPTADO por UNANIMIDADE, das persoas presentes, o ACORDO seguinte:

A ratificación do cambio de día da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de agosto de 2022 que pasará a realizarse o día 9 de agosto de 2022 debido ao exposto anteriormente.

## **2.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. -ORDINARIA DE 01/08/2022.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP do 16/7/04, núm. 162) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 01 de agosto de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión. Ao non producirse ningunha intervención, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a aprobación da acta que resulta aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 1 de agosto de 2022.

## **3.- DACIÓNS DE CONTA.**

### **3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

#### **Publicacións:**

- Orde do 26 de xullo de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se amplía o prazo de execución e xustificación dos investimentos establecido no artigo 20 da Orde do 11 de maio de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a entidades locais para actuacións de adecuación das pistas multideporte nos centros de educación infantil e primaria e nos centros públicos integrados non universitarios, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento ED500A). DOG núm. 148 do 04-08-2022.
- Decreto 139/2022, do 21 de xullo, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023. DOG núm. 149 do 05-08-2022.
- Orde do 29 de xullo de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2022/23. DOG núm. 150 do 08-08-2022.
- Resolución do 1 de agosto de 2022, da Academia galega de seguridade pública, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 151 do 09-08-2022.
- Resolución do 1 de agosto de 2022, da Academia galega de seguridade pública, pola que se convocan cursos de formación continua para os servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencias supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 151 do 09-08-2022.

- Anuncio do 18 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo, de requerimento de xestión da biomasa (expediente UME/2020/220). DOG núm. 151 do 09-08-2022.
- Anuncio do 2 de agosto de 2022, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego- relativo á resolución 2022/33949 de concesión definitiva de subvencións programa DP0033/2022: Convoc. De subvenc.dirixidas as agrupacións voluntarios protec. Civil provincia A Coruña concellos menos 50.000 habitantes, adxudicación material emerxencias 2022. BOP núm. 147 do 04-08-2022.
- Anuncio do 2 de agosto de 2022, da Deputación Provincial da Coruña -Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación, relativo a aprobación da modificación da primeira relación do Plan de investimento en Vías Provinciais 2021, quinta fase. BOP núm. 147 do 04-08-2022.
- Anuncio do 2 de agosto de 2022, da Deputación Provincial da Coruña -Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación, relativo á aprobación do plan de inversión en vías provinciais 2017, primeira fase. BOP núm. 147 do 04-08-2022.
- Anuncio do 26 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo, Secretaría Xeral, relativo á delegación da competencia para celebración do matrimonio civil entre L.D.A e J.J.R.S. o día 22.07.2022, ás 12.00 horas. BOP núm. 148 do 05-08-2022.
- Anuncio do 26 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo, Secretaría Xeral, relativo á delegación da competencia para celebración do matrimonio civil entre A.A.C. e J.G.R. o día 23.07.2022, ás 13.00 horas. BOP núm. 148 do 05-08-2022.
- Anuncio do 29 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo, Secretaría Xeral, relativo á delegación da competencia para celebración do matrimonio civil entre E.C.B. e V.P.N. o día 30.07.2022, ás 13.30 horas. BOP núm. 148 do 05-08-2022.
- Anuncio do 26 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo, Secretaría Xeral, relativo á delegación das funcións da Alcaldía na primeira tenente de alcalde o día 22.07.2022. BOP núm. 148 do 05-08-2022.
- Anuncio do 4 de agosto de 2022, do Concello de Culleredo, Persoal e Organización, relativo á lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as- técnico/a de urbanismo. BOP núm. 150 do 09-08-2022.

### **3.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A sra. Presidenta da conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada de política social e promoción do deporte:

<b>**PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013</b>				
<b>Data da resolución</b>	<b>Nº resolución</b>	<b>Tipo de resolución</b>	<b>Obxecto da axuda</b>	<b>Importe</b>
14/07/22	1311	Conceder unha axuda económica a ***3812** .	Pago de aluguer correspondente ao mes de marzo de 2022 (358€) e abril e maio de 2022	1.158€,

C.I.F. P-1503100-H

			(400€/mes).	
14/07/22	1312	Conceder unha axuda económica a ****7943**.	<p>Pago das cuotas da comunidade correspondente aos meses de de xaneiro a abril de 2022 (30€/mes).</p> <p>Pago de recibo da comunidade correspondente as cuotas de maio a outubro de 2022.</p> <p>O recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2021, 1º trimestre de 2022, 2º trimestre de 2022 e 3º trimestre de 2022.</p>	120,00 €
14/07/22	1313	Conceder unha axuda económica a ****2003*.	Pago de aluguer correspondente ao mes de marzo de 2022 (358€) e de abril e maio de 2022 (400€/mes).	1.158,00 €
14/07/22	1314	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago ao beneficiario ***6449**	O pago do recibo de farmacia correspondente ao presuposto de data 27/06/2022.	40,28 €
14/07/22	1315	Conceder unha axuda económica a ***5419** .	<p>Pago de hipoteca, correspondente aos meses de xaneiro (49,47€), febreiro (49,48€) e marzo (49,46€) de 2022.</p> <p>Pago de recibo de hipoteca correspondente aos meses de abril a outubro de 2022.</p> <p>Pago do recibo de luz correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2022.</p> <p>Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de</p>	148,41 €

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I02LW</b>	<b>USG/2022/135</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6Y3U 5F2F 6Y4F 2M5E 0INR</b>	

C.I.F. P-1503100-H

			2021, 1º trimestre, 2º trimestre e 3º trimestre de 2022.	
14/07/22	1316	Conceder unha axuda económica a ***1509**.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a maio de 2022 (220€/mes) e parte do mes de xuño (58€).	1.158,00 €
14/07/22	1317	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago ao beneficiario ***6838**.	Pago da factura do auga do 1º trimestre de 2022 (68,32€).  Facturas de electricidade de data de emisión do 24/02/2022 (41,99€) e 17/04/2022 (34,88€).  Factura de farmacia de data 14/05/2022 (11€).	156,19 €
14/07/22	1318	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago ao beneficiario ***3598**.	O pago do recibo do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2021 (56,65€) e 1º trimestre de 2022 (58,08€).  Recibo de luz de data de emisión do 25/01/2022 (12,36€), 27/02/2022 (12,34€), 20/03/2022 (9,99€), 21/04/2022 (10,77€) e 19/05/2022 (8,58€).  Recibos de gas de data 17/10/2021 (25,63€), 17/10/2022 (7,50€), 24/02/2022 (76,77€) e 17/04/2022. (49,67€).	

2.2.2.- O sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das actividades da Concellería de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo:

**“ACTIVIDADES CULTURAIS**

## **LUNS 8 DE AGOSTO**

### **Xardin Botánico do Burgo. 12.00 h:**

*Festival mundial de ilusionismo. Galicia ilusión.*

“Maxia na vila”. Culleredo co Mago Rafa.”

2.2.3.- O sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Concellería delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“Resolución número CUL/RES/1393/2022 de data do 26/07/2022 pola que, en relación co expediente aberto ao 'Pub Birras' situado na praza da Ría, núm. 1 – baixo, deste termo municipal, por denuncias por rúidos:

- 1.- Se estima a alegación presentada por D. A. M. S. no referido á proposta de resolución por incumprimento das condicións de insonorización da instalación.
  - 2.- Se desestiman todas as demais alegacións presentadas por D. A. M. S. no procedemento sancionador incoado por resolución do Sr. Alcalde de data 23/02/2022, en todos os seus pedimentos, polas consideracións expostas na proposta de resolución do instrutor e na presente resolución.
  - 3.- Non se admite a práctica das probas solicitadas polo denunciado por considerarse manifestamente innecesarias, ao entenderse suficientemente acreditados os feitos denunciados, ao abeiro do disposto no artigo 77.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
  - 4.- Decláranse probados os feitos que se relacionan.
  - 5.- Imponse a sanción de clausura total das instalacións do Pub Birras situado na praza A Ría número 1 baixo (Culleredo-A Coruña) por un prazo de DEZAOITO (18) MESES, á D. A. M. S. pola comisión das citadas infraccións no Pub Birras situado na praza A Ría, núm. 1 baixo (Culleredo-A Coruña), conforme ao disposto no artigo 49 da Ordenanza municipal de protección contra rúidos e vibracións, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 233 de 4 de decembro de 2014.
  - 6.- Se accede ao solicitado e remitir copia dos expedientes UGT/2022/6 e UME/2022/52 ao Sr. A. M. S.
- Resolución número CUL/RES/1423/2022 de data do 02/08/2022 pola que se da de baixa con efectos do ano 2023, a licenza municipal número 24 de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, con reserva con horario laboral, pertencente ao local situado na R/. Ramón Cabanillas, núm. 15, do Burgo, deste termo municipal, da titularidade de Don J. A. S. C, por cese definitivo da actividade que no local se viña desenvolvendo.”

C.I.F. P-1503100-H

## **3.- ASUNTOS URXENTES**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

Código do documento <b>USG16I02LW</b>	Código do expediente <b>USG/2022/135</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>6Y3U 5F2F 6Y4F 2M5E 0INR</b>	

### **5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

Sen máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas do expresado día “ut supra”.

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

Visto e praxe

A alcaldesa en funcións

(Asinado dixitalmente nesta data pola  
concelleira delegada de Política Social e  
Promoción do Deporte que actuou como  
alcaldesa en funcións na sesión)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H